



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TORDOIA

Anuncio aprobación definitiva da modificación da Ordenanza reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica (artigo 7 e 9) Concello de Tordoia

ASUNTO: APROBACION DENIFITIVA DA MODIFICACION DA ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (ARTIGO 7 E 9) CONCELLO DE TORDOIA.

Publicado o anuncio de aprobación inicial da modificación da Ordenanza reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica (artigo 7 e 9) Concello de Tordoia no BOP número 171/2022 do 8 de setembro de 2022, e transcorrido o prazo de presentación de alegacións sen presentarse ningunha, enténdese aprobada definitivamente e procedese á publicación do texto íntegro do mesmo, segundo dispón o artigo 49 da Lei 7/85:

“O artigo 7 da ordenanza queda redactado do seguinte xeito:

Artigo 7º.- Exencións

A) Vehículos conducidos por persoas con discapacidades:

- 1.- Fotocopia DNI da persoa solicitante.
- 2.- Certificado xustificativo do grao de discapacidade superior o 33% emitido polo Equipo de valoración e orientación (EVO) da Consellería de Política Social.
- 3.- Fotocopia do permiso de circulación a nome da persoa con discapacidade. Exhibición do orixinal no momento da presentación.
- 4.- Fotocopia da póliza de seguro actualizada do vehículo a nome da persoa con discapacidade. Exhibición do orixinal no momento da presentación.
- 5.- Fotocopia xustificante de pago do seguro
- 6.- Fotocopia da ficha técnica do vehículo.
- 7.- Declaración responsable do uso exclusivo do vehículo.
- 8.- Estar empadroad/a no Concello de Tordoia.

Deberase presentar a documentación actualizada cada 5 anos no caso de que o certificado xustificativo do grao de discapacidade sexa permanente e os de carácter temporal anual.

Queda condicionada esta concesión á liquidación de débedas pendentes co Concello por tódolos conceptos.

B) Vehículos destinados ó transporte de persoas con discapacidade:

- 1.- Certificado do grao de discapacidade emitido polo Equipo de valoración e orientación (EVO) da Consellería de Política Social.
- 2.- Fotocopia do permiso de circulación a nome da persoa encargada do transporte. Exhibición do orixinal no momento da presentación.
- 3.- Fotocopia da póliza de seguro actualizada do vehículo na que conste a persoa encargada do transporte da persoa con discapacidade. Exhibición do orixinal no momento da presentación.
- 4.- Fotocopia do xustificante pago do seguro
- 5.- Fotocopia DNI da persoa solicitante e do condutor habitual do vehículo.
- 6.- Fotocopia da ficha técnica do vehículo.
- 7.- Declaración do uso exclusivo do vehículo para o transporte do/a solicitante da exención.
- 8.- Estar empadroad/a no Concello de Tordoia.

Deberase presentar a documentación actualizada cada 5 anos no caso de que o certificado xustificativo do grao de discapacidade sexa permanente e os de carácter temporal anual.

Queda condicionada esta concesión á liquidación de débedas pendentes co Concello por tódolos conceptos.

As exencións que no seu caso se concedan en calquera dos dous supostos anteriores, non serán aplicables aos suxeitos pasivos beneficiarios destas por máis dun vehículo simultaneamente.

O artigo 9 da ordenanza queda redactado do seguinte xeito:

Artigo 9º.- Bonificacións. Apartado 2

g) Os tractores, remolques, semi-remolques e maquinaria provistos da libreta de inspección agrícola actualizada anualmente e con uso exclusivo para explotacións agrícolas activas:

Documentación a presentar:

- 1.-Copia do N.I.F. da persoa interesada ou, no seu caso da representante e do documento que acredite a representación.
- 2.-Copia compulsada do permiso de circulación.
- 3.-Copia compulsada da Cartilla de Inspección Agrícola.
- 4.-Copia compulsada da ficha técnica do vehículo.
- 5.-Estar empadroadado/a no Concello de Tordoia.
- 6.-Declaración do uso exclusivo do vehículo para labores agrícolas ou gandeiras por parte da persoa interesada.
- 7.-Ser propietario de terreos no termino municipal de Tordoia.

Queda condicionada esta concesión, á liquidación de débedas pendentes do Concello por todos os conceptos.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal foi aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar 29/07/2022, entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2023, continuando en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Tordoia, 26 de outubro de 2022

O alcalde,

Eduardo Antonio Pereiro Liñares

2022/6678